



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>



No desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas na proposta de actuacións elaborada pola Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, dentro do plan de conservación, restauración e posta en valor de edificios e bens eclesiásticos, que inclúe actuacións en catedrais, igrexas, conventos, abadías e mosteiros, e cumpre todos os criterios obxectivos fixados nesta programación.

Este convenio de colaboración non comporta obrigas financeiras, xa que estas xurdirán coa tramitación do expediente de licitación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

